

Nota sobre as cifras de poboación que publica o IGE

O IGE publica dúas cifras de poboación a nivel municipal con data de referencia o 1 de xaneiro de cada ano:

- O **Padrón municipal** é o rexistro administrativo no que constan os veciños dun concello. Os seus datos constitúen proba da residencia no concello e do domicilio habitual no mesmo. A lexislación española sobre réxime local establece as normas para a formación do Padrón municipal, que corresponde aos concellos, e da obtención das cifras de poboación a partir da revisión do mesmo no 1 de xaneiro de cada ano, unha vez levada a cabo polo INE a coordinación dos padróns municipais. As cifras de poboación da revisión do Padrón son declaradas oficiais, en cada un dos concellos españois, polo Goberno mediante Real Decreto. O INE procede á súa difusión unha vez publicado no BOE.
- As **Cifras poboacionais de referencia** estiman a poboación con residencia habitual en cada ámbito xeográfico a partir da información demográfica existente (nacementos, defuncións e movementos migratorios). Considérase residencia habitual o lugar no que a persoa pasa normalmente o período diario de descanso, sen contar as ausencias temporais por diversos motivos (ocio, vacacións, visitas a amigos ou parentes, viaxes de negocios, etc.); non ten por que coincidir en todos os casos co lugar de residencia legal ou rexistrada.

O INE coa operación *Cifras de poboación* proporciona as estimacións estatísticas da poboación residente en España, CCAA e provincias. O IGE desagrega para Galicia esta estimación da cifra estatística de poboación residente ata o nivel municipal; esta desagregación é consistente coa cifra estatística de poboación usada a nivel español e europeo.

Estas cifras non coinciden coas do Padrón e constitúen a cifra de poboación utilizada na produción estatística como poboación de referencia (enquisas, sistema de contas, indicadores, proxeccións de poboación) e transmítense a nivel internacional como datos oficiais de poboación a todos os efectos.

Ademais, con outras datas de referencia e carácter decenal, os **Censos de poboación e vivenda** proporcionan información detallada das características da poboación, fogares, edificios e vivendas. O último dispoñible ten data de referencia o 1 de novembro de 2011.